



Curso "Menores en situación de Transexualidade: unha mirada sexolóxica"

RELATORA	Penélope Alonso Vázquez (G-3277).
ORGANIZA	Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
COORDINA	Xacobe Abel Fernández García (G-4362).
DURACIÓN	12 horas.
DATA E HORARIO	Venres, 1 de outubro de 2021. De 17:00 a 21:00 horas. Sábado, 2 de outubro de 2021. De 09:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:00 horas.
LUGAR	Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
PRAZAS	40
PREZOS	Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grado de psicoloxía ou do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria..... 28,00€ Psicólogos/as colexiados/as 56,00€ Psicólogos/as non colexiados/as e/ou outros profesionais.....112,00€

OBXECTIVO

Achegar aos e ás profesionais da psicoloxía á realidade das persoas en situación de transexualidade desde un paradigma profesional como o da ciencia sexolóxica, co gallo de achegar respostas e ferramentas na abordaxe desta situación e acadar un mellor coñecemento das situacións de transexualidade, a heteroxeneidade de vivencias, e as ferramentas de acompañamento desde o ámbito psicolóxico, para así conseguir erradicar as discriminacións e facilitar unha mellor calidade de vida as persoas nesta situación.

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso "Menores en situación de Transexualidade: unha mirada sexolóxica"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada formativa entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe de demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Para as tarifas de estudante achegárase copia da matriculación no curso actual.

Último día de inscrición: 23 de setembro de 2021.

RELATORA

Penélope Alonso Vázquez (G-3277).

Licenciada en Psicoloxía. Psicóloga e sexóloga do centro Quérote+ de Vigo. Experta en "sexoloxía e educación sexual" e en "sexoloxía e asesoramento sexual". Máster en Sexoloxía. Diploma de estudos avanzados: "Sexualidade e perimenopausia". Relatora en múltiples cursos, xornadas e obradoiros, principalmente dirixidos a infancia e adolescencia así como a pais e nais. Colaboradora habitual coas principais asociacións de nais e pais de menores transexuais en Galicia e no resto do estado. Participante en proxectos estatais que buscan mellorar a educación sexual de calidade así como a concienciación coa temática transsexual.



Curso "Menores en situación de Transexualidade: unha mirada sexolóxica"

PROGRAMA

Venres 1 de outubro de 17:00 a 21:00 horas.

1.Marco teórico sexolóxico.

- O mapa do feito sexual humano (hsh).
- Conceptos clave do hsh - Identidade sexual, que é a transexualidade?
- Feitos de diversidade sexual.
- Situación de transexualidade na infancia e adolescencia.

Sábado 2 de outubro de 9:30 a 14:00 horas.

2.Coñecer para acompañar.

- Relatos de familias.
- Relatos de persoas en situación de transexualidade.
- Acollida e acompañamento.

3.Recollida e discusión.

- Demandas do colectivo e as súas familias.
- Que se está facendo con menores e adolescentes?
- Que podemos achegar como profesionais da psicoloxía?
- Máis aló do lexislativo, dereitos humanos.

Sábado 2 de outubro 15:30 a 19:00 horas.

4.Recursos

- Para formarse.
- Para curiosar e informarse.
- Para intervir.
- Para recomendar.